

MELO

X CICLO DE **m**ÚSICA  
DE **C**ÁMARA 20**24**



ARTIS

TILMAS



# PRESENTACIÓN DO CICLO

NEO  
ARTIS  
TIÑAS

X CICLO DE  
MÚSICA DE  
CÁMARA  
2024

ORGANIZA:  
Fundación Vicente Risco

COORDINA:  
Brais González

No ano 2015 a Fundación Vicente Risco comezou unha nova actividade coordinada pola profesora de piano Cristina Vázquez Canal: os «Petiscos Musicais», un ciclo anual de catro concertos que tivo unha grande acollida entre os amantes da música de cámara.

A partir deste ano 2024, o ciclo de concertos de música de cámara continúa cunha décima edición, a X, da man do pianista vigués Brais González (*Bramnova, Caspervek Ensemble, CinemaSticado...*) e cun novo nome: «**NEOARTISTIÑAS**».

Lembramos que a a capacidade da sala do piano é de trinta e cinco (35) persoas. A inscrición será por rigorosa orde de solicitude (no correo electrónico [secretaria@fundacionvicenterisco.com](mailto:secretaria@fundacionvicenterisco.com)) e pagamento na conta da Fundación Vicente Risco.

Os 4 concertos 40€; cada concerto por separado 12€ cada un.

# 1

NEO  
ARTIS  
TIÑAS

X CICLO DE  
MÚSICA DE  
CÁMARA  
2024

ORGANIZA:  
Fundación Vicente Risco

COORDINA:  
Brais González

## BESTIARIUM

un percorrido multimedia polos  
animais no mundo da música

**Laura Lorenzo**

*Fruta (Pontevedra)*

Sábado, **11** de maio  
de 2024, ás **20 h.**

### PROGRAMA

Obras de:

<b>Poulenc</b>	<b>Rota</b>
<b>Chabrier</b>	<b>Barber</b>
<b>Chapí</b>	<b>Martinu</b>
<b>Messiaen</b>	<b>Gershwin</b>
<b>Honegger</b>	<b>Grieg</b>
	<b>Glinka</b>
	<b>Cui</b>
	<b>Debussy</b>
	<b>Brais González</b>

A pontevedresa **Laura Lorenzo Rodríguez** comezou os seus estudos musicais no Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra, proseguindo a súa educación superior no Conservatorio de Vigo co profesor Fernando Raña. Realizou despois un máster na Musikhochschule Freiburg con Mario Caroli e Anne Romeis.

Foi membro da Nova Orquestra Nacional de España (JONDE) e foi tamén academista da Orquestra Nacional de España. Colabora habitualmente con outras agrupacións orquestrais como a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Philharmonisches Orchester Freiburg, a Orquestra Sinfónica de Bankia, a Orquestra Sinfónica de Navarra, a Orquestra da Comunidad de Madrid ou a Orquestra Sinfónica Vigo 430.

En 2019 fundou xunto a Yamini Prabhu (piano), Jimena Andiñón (violoncelo) o trío de cámara Samudra Trío, co que gañou o Premio Martín Códax ao mellor proxecto de música clásica de Galicia en 2022. É membro activo do proxecto Caspervek Ensemble, dedicado a musicalizar películas clásicas de cinema mudo.



Acompaña ao piano  
**Brais González.**

# 2

## NEO ARTIS TIÑAS

X CICLO DE  
MÚSICA DE  
CÁMARA  
2024

ORGANIZA:  
Fundación Vicente Risco

COORDINA:  
Brais González



## CONCERTO

**Xurxo Morales**

*Saxofón (Lugo/Donostia)*

Sábado, **7** de **setembro**  
de 2024, ás **20 h.**

### PROGRAMA

**J. S. Bach**

Sonata nº 2  
• IV. Allegro

**Henryk  
Wieniawski**

Polonaise nº 1,  
op. 4

**Christian  
Lauba**

Kabuki

**Henri Caplet**

Impression d'automne

**Brais González**

O lobo da xente  
• I. [...] "que me leve  
o demo se non  
anda aí" [...]

**Jacques Ibert**

Concertino da camera

**Robert Schumann**

Märchenbilder, op. 113  
• I. Nicht schnell

**Paul Creston**

Saxophone Sonata  
• III. Presto

O lucense **Xurxo Morales** comezou a tomar aulas de saxofón co seu pai aos cinco anos na Escola de Música de Rábade. Tras obter Matrícula de Honra en Grao Profesional e o primeiro premio no concurso de solistas do Conservatorio Profesional de Música de Lugo, foi seleccionado para a semifinal do 28th World Music Competition en España. Representou en Alicante aos conservatorios profesionais de Galicia no Concurso Estatal Intercentros Melómanos durante dúas edicións consecutivas como gañador do Concurso Intercentros Melómano en Galicia, e foi o único español premiado no concurso internacional Andorra Sax Fest'21.

Como solista con orquestra, actuou coa Real Filharmonía de Galicia na XI edición do Concurso Internacional Peregrinos Musicais, baixo a batuta do mestre Maximino Zumalave. Na actualidade estuda en Musikene (San Sebastián) co mestre Miguel Ángel Lorente.



Acompaña ao piano  
**Brais González.**

# 3

NEO  
ARTIS  
TIÑAS

X CICLO DE  
MÚSICA DE  
CÁMARA  
2024

ORGANIZA:  
Fundación Vicente Risco

COORDINA:  
Brais González



## CONCERTO

**Raquel Areal**

*Violín (Tui/Berlín)*

Sábado, **26** de outubro  
de 2024, ás **20 h.**

### PROGRAMA

**Lili Boulanger**

Nocturne

**César Frank**

Sonata en  
La maior

I. Allegretto ben  
moderato

II. Allegro

III. Ben moderato  
Recitativo-Fantasia

IV. Allegretto  
poco mosso

**Brais González**

O lobo da xente

III. [...] "Ai, pel, váleme!  
Váleme, miña pel  
querida!" [...]

**Astor Piazzolla**

Café 1930

**Maurice Ravel**

Sonata para  
violín e piano

I. Allegretto

II. Blues

III. Perpetuo mobile

**Henryk**

**Wieniawski**

Polonesa brillante  
en Re maior

**Raquel Areal** (Tui, 1999) foi alumna da Escola Superior de Música Raíña Sofía co profesor Zakhar Bron. Ademais, participou en clases maxistras de Agustín León Ara, Natalia Prishpenko, Christoph Poppen, Doura Schwarzberg, Miriam Fried, Christian Tetzlaff, Ingolf Turban, Silvia Marcovici, Luís Fernando Pérez, Oliver Wille, Cibrán Sierra e Aitor Hevia entre outros.

Foi galardoada en concursos como o Lipinski & Wieniawski Violin International Competition; Concurso Juventudes Musicales de España, Concurso Nacional Premio Jovens Músicos-Portugal e Concurso Cidade de Vigo.

No ámbito orquestal, foi dirixida por mestres como Dima Slobodeniouk, Víctor Pablo Pérez, Andrés Orozco-Estrada, James Ross, Pablo González, Jaime Martín, Plácido Domingo, Andrés Schiff e Péter Eötvös. Actuou, entre outras salas, na Casa da Música (Porto), Teatro Victoria Eugenia (San Sebastián), Palacio da Ópera, auditorios de Galicia, do Museo Raíña Sofía e Nacional de Música (Madrid), Teatro Real, Sala Koncertowa Orkiestry Zamosc (Polonia), Capela St. John Francis Regis Chapel (Regis University of Denver- Colorado) e interpretado como solista baixo a batuta de Pedro Neves, Tadeusz Wicherek e Hansjörg Schellenberger entre outros.

Como alumna da Escola, formou parte do Grupo Wanderer. Actualmente é membro do Cuarteto Óscar Esplá de Asisa, baixo a tutela do Profesor Heime Müller, cuarteto co que recibiu en 2019, de mans da súa Maxestade a Raíña Dona Sofía, a Mención de grupo de cámara máis sobresaliente na categoría de cuartetos de corda, repetindo este galardón en 2020, así como o premio European Union of Music Competitions for Youth (EMCY) no Concurso Mocidades Musicais de España, modalidade de Música de Cámara (2019).



Acompaña ao piano  
**Brais González.**

# 4

NEO  
ARTIS  
TIÑAS

X CICLO DE  
MÚSICA DE  
CÁMARA  
2024

ORGANIZA:  
Fundación Vicente Risco

COORDINA:  
Brais González

## CONCERTO

### Artei Theotonio

*Violoncello (Ourense/Detmold)*

Sábado, **21** de **decembro**  
de 2024, ás **20 h.**

#### PROGRAMA

##### **Franz Schubert**

Sonata Arpeggione, D.821

- I. Allegro moderato
- II. Adagio
- III. Allegretto

##### **Brais González**

O lobo da xente

- IV. [...] “e andei perdida,  
cumprindo a miña fada,  
ata hoxe, que dei contigo”  
[...]

##### **Sergei Prokofiev**

Sonata en Do maior, op. 119

- I. Andante Grave
- II. Moderato
- III. Allegro, ma non troppo

**Artei Theotonio Caride** estuda actualmente en Alemaña na HFM Detmold con Xenia Jankovic. Comezou os seus estudos no Conservatorio Profesional de Música de Ourense onde acabou obtendo o premio extraordinario de fin de carreira. Estudou tamén con Bárbara Switalska e Filipe Quaresma. Recibiu clases maxistras de Daniel Gueiss, Lynn Harrell, Pablo Ferrández, Troels Svane, Johannes Moser, María de Macedo, Matias de Oliveira Pinto, Martin Burkhardt, Gabriel Schwabe e Rafael Rosenfeld, entre outros.

Premiado en concursos en España e Portugal: en 2018 gañou o primeiro premio no Concurso Internacional “Música Callada” de Ávila e o primeiro premio no Concurso Cidade de Vigo; en 2019 o terceiro premio no Concurso Soncello A Coruña, terceiro premio no Concurso Internacional “Luthiers Clar” Valencia, segundo premio no Concurso Internacional Cidade do Fundão e terceiro premio en Paços de Brandão. Participou no Festival Internacional de Música de Marvão en 2016 e 2017, tocando coa Kölner Kammerorchester baixo a dirección de Christoph Poppen.

É seleccionado en 2022 para participar na Academia do Festival de Davos na Suíza. Actualmente toca un violoncelo da escola inglesa Foster datado cara a 1800 atribuído a John Morrison.



Acompaña ao piano  
**Brais González.**



(Debuxo: Vicente Risco)

# NEO ARTIS TIÑAS

**X CICLO DE  
MÚSICA DE  
CÁMARA  
2024**

ORGANIZA:  
Fundación Vicente Risco

COORDINA:  
Brais González

